

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 7 DE NOVEMBRO DE 2013**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 7 de novembro de 2013, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias  
D. Miguel Neira Ojea  
D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez  
D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares  
D. Luis Victorino Arias Fernández  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D. Julio Fernández Arias  
D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo  
D. Moisés Blanco Paradelo  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces  
D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández  
D. Antonio Melo García  
D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez

Non asiste D. Vitor Manuel Sierra Nieves, cuxa ausencia, por motivos laborais, é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 3 de outubro de 2013.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 3 de outubro de 2013 e non formulándose ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes na sesión.

**2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica sobre modificación da data de celebración das sesións ordinarias do Pleno do mes de decembro 2013 e de xaneiro 2014.**

Di o sr. Alcalde que como xa se falou na Comisión, o Pleno do mes de decembro coincide nunha véspera de festivo e o de xaneiro en véspera dunha ponte, polo que como non ten maior importancia proponse pasar, como xa llo manifestou ó voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o Pleno de decembro ao xoves día 12 de decembro e o Pleno de xaneiro para o xoves día 16. Dá conta do ditame da Comisión informativa de 4 de novembro de 2013.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: Modificar as datas de celebración das sesións ordinarias dos meses de decembro de 2013 e xaneiro de 2014 do Pleno do Concello do Barco de Valdeorras, pasando a celebrarse respectivamente, os días 12 de decembro do 2013 e o 16 de xaneiro do 2014.**

**3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda. Contas e Promoción Económica sobre concesión bonificación ICIO solicitada por D<sup>a</sup> Enriqueta Rodríguez Rodríguez.**

Di o sr Alcalde que trátase dunha obra no Castro e que ten os informes favorables. Dá conta do ditame da Comisión informativa de 4 de novembro de 2013.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: Declara-la obra descrita nos antecedentes de interese histórico-artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.**

**4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamentos, salvamento, protección de persoas e outros semellantes.**

Fai uso da palabra o sr. Alcalde e despois de dar lectura ó ditame da comisión de patrimonio, facenda, contas e promoción económica de data 4 de novembro de 2013, di que se trata de establecer unha taxa para servizos de emerxencias cando os preste o Grupo de Emerxencias Municipal, que o cobro desta taxa estase a facer noutros Concellos e tamén o fan os bombeiros, sexan municipais ou sexan comarcais. Di o Alcalde que coa redacción da taxa vaise a cobrar exclusivamente ás compañías de seguros, posto que no caso de que non teñan seguro, tanto si é nun accidente de coche como si é nun incendio, pónense unhas bonificacións de ata 24.000€, de xeito que si os ingresos da unidade familiar están por debaixo de 24.000€, bonificaríase o cen por cen e si estiveran entre 24.000 e 30.000€ bonificaríase o 50%. Di que si alguén non ten seguro é porque non ten recursos ou por desleixo, e neste último caso se ten medios e non quere ter seguro pois é unha decisión persoal e non teñen porque cargar co custo o resto do veciños. Prosegue dicindo o Alcalde que o concello fai un aporte importante aos grupos de emerxencias, entre 60.000 e 70.000€, 50.000 para gastos de persoal e o resto en gastos de funcionamento, que si se recuperan dez mil ou quince mil euros, sería algo razoable.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, o señor Blanco Paradelo, que fai uso dela para dicir que sen a presenza do voceiro do BNG parece que a sesión vai ser un toma e daca entre o Alcalde e o seu Grupo, que espera que sexa máis breve o Pleno e que se botará en falta as intervencións do voceiro do BNG. Di o voceiro que antes de entrar no presente punto da orde do día quere aproveitar para felicitar ao sr. Arias Fernández por 25 anos de traballo, e que, seguramente, dende a discrepancia, en moitas ocasións, hai que recoñecer a vocación municipal do concelleiro por servir aos demais. Prosegue facendo uso da palabra o sr. Blanco que en relación co asunto que se está a tratar e tal e como o expuxo o Alcalde á Corporación parece vaise ter que agradecer ter que pagar os GES, pero a verdade é que lle parece unha falta total de sensibilidade do Goberno por querer cobrar aos veciños e veciñas do Barco polo uso do grupo especial de emerxencias. Prosegue o concelleiro dando lectura

dalgúns puntos do estudo económico, e resalta que en dito estudo se di que a taxa que se pretende aplicar, ao ser un servizo de nova creación, non se dispón de datos reais de gastos e ingresos do servizo, polo que se advirte que é moi difícil coñecer dun modo certo os gastos que realmente se soportarán ó igual que os ingresos que se van a obter. O voceiro afirma que lle parece un abuso querer cobrar e aplicar esta taxa, que non lle parece correcto querer facelo tan rápido xa que o GES leva funcionando dende o mes de agosto e habería que esperar a ver o comportamento das accións, da cobertura das emerxencias, etc., e nun prazo de seis meses ou dun ano poderíase ter unha idea fiable do seu funcionamento. Di o concelleiro que o que si se ten fiable é o dato dos ingresos, que fixos hai en torno a 250.000€, aportados en gran parte pola Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, é dicir que o Concello aportaría o 20% e as outras administracións en torno ó 80%, que é moi importante deixar claro que este servizo está subvencionado nun 80% con fondos autonómicos ou provinciais e unha parte menor correspóndelle ó Concello. O sr. Blanco dá lectura ó parágrafo primeiro do artigo 2º da Ordenanza, relativo ao feito imponible, e logo afirma que el pensaba que era unha obriga dun grupo de emerxencia e non dunha brigada municipal, que eso lle parece un exceso., de seguido dá lectura ao apartado 2 do mencionado artigo 2º, sinalando que establece a non suxeición á taxa do servizo de prevención xeral de incendios, os servizos prestados en beneficio da comunidade nin en caso de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declaradas, e afirma que con este apartado, o equipo de goberno decide cando e onde van a enviar os GES, o que vai a crear confusión na decisión a tomar, pois vaise a ter serias dúbidas de cándoo se considera unha emerxencia. Di que lembra que o Alcalde estaba moi contento coa consecución dos GES pero que el nunca esperaba que aos poucos meses de funcionar quixera poñer unha taxa, que o seu Grupo está en contra de poñer unha taxa a un servizo que está subvencionado, que parécelle erróneas as bonificacións ás persoas que non dispoñan dun seguro de carácter obrigatorio, pois seguros de carácter obrigatorio solo hai os dos vehículos, que lle parece que a taxa se quere empregar polo equipo de Goberno como un elemento disuasorio e que cre que cando a xente teña que chamar será porque ten un problema serio. Reitera o sr. Blanco que hai que esperar un tempo para ver como funciona o servizo e que en relación coas ratios establecidas para as bonificacións non están de acordo porque o máis axeitado sería facer referencia aos datos do IPREM. O concelleiro afirma que aplicando a cota tributaria, segundo a Ordenanza, podería ser parecido a Telepizza de xeito que ante un problema, por mor dos custos, cada usuario solicite un servizo determinado, e aínda que a taxa xa a aplica o parque de bombeiros hai que ter en conta que a utilidade é distinta á dos grupos de emerxencia. Remata dicindo que o seu Grupo está convencido de que esta

taxa vai a xerar confusión e incerteza e que por todo iso non van votar a favor, pero que si que lle pediría ao sr Alcalde que polo menos teña en conta os datos que fagan referencia ao IPREM en vez dunha cantidade concreta e que se simplifique máis o tema das de bonificacións.

Fai uso da palabra o Alcalde que afirma que o voceiro do PP empezou facendo unha análise lingüístico da ordenanza, que é o que sole facer habitualmente, pero que logo saíu desa análise e se lle terminaron os argumentos polo que empezou a patinar e dixo cousas que non teñen nada que ver co que se pretende establecer pola ordenanza. Afirma o Alcalde que non é o usuario o que chama ao GES, pois este Grupo solo atende ás chamadas do 112, e van alí onde hai o problema que se indica polo 112. Logo diso fan un informe, como sempre que teñen saídas, e nel especifican as actuacións realizadas, e será outro departamento do Concello o que faga a valoración e solicite o seguro que teña que solicitar. Di o alcalde que todos os regulamentos que se aproban no Concello son mellorables e ó poñelos en marcha seguro que se farán revisións dos mesmos, que as cousas non se poden prever ata que non se poñen en marcha. Di que é verdade que a Xunta pon o 80% para soldos, o 60% a Xunta e o 20% a Deputación, e o restante 20% o pon o Concello, 50.000€ exactamente, quedando a maiores os gastos de funcionamento que a priori se descoñecen e haberá que esperar ata o ano que ven e tamén os gastos de material, de xeito que en catro meses deste ano andan entre os catorce ou dezaseis mil euros, e que o Concello vai poñer unha cantidade precisamente por iso pon unha taxa para resarcir esa cantidade e está no seu dereito, o que, si o alcalde, se está a facer tanto en concellos do PSOE como en concellos do PP. Prosegue o alcalde afirmando que ó sr. Blanco lle parece ben que os bombeiros teñan unha taxa e pregúntase porque non a poden poñer os GES si prestan o mesmo servizo, pois para as emerxencias son servizos iguais, posto que si o 112 chama ao GES ó chegar os operarios do Grupo poñerán en marcha un dispositivo e cando cheguen os bombeiros tomarán o mando os bombeiros, segundo o establecido. Di o alcalde que non se tomou como referencia o IPREM porque senón a cantidade sería máis baixa e cobraríase a máis xente. Di o Alcalde que o sr. Blanco ten que argumentar o seu voto en contra, que lle parece ben, pero dálle a impresión que o fai sen moito convencemento, pois ó final rematou dicindo que lle parecía ben que pague o seguro, e que deso é do que se trata e cando se teña a experiencia necesaria, é dicir, no ano que ven, valorarase sobre a práctica si hai que cambiar algo ou non, aínda que non haberá moitos cambios pois a ordenanza non se inventou, fíxose tendo en conta a documentación remitida por dous concellos que a teñen en practica dende cando tiñan os GRUMIR e lles está funcionando ben, e que si eses medos que di o sr voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular

chegaran a producirse procederíase a reformar a ordenanza, que para eso están as ordenanzas, para reformalas na medida que se poñen en práctica e se van vendo si funcionan ben ou funcionan mal.

Concédeselle a palabra ao sr. Blanco Paradelo que afirma que si o sr. Alcalde non quere cobrar a ninguén pois que retire a ordenanza e a faga ben, poñendo claramente cales son os supostos nos que procede esixir a taxa, que os medos dos que se fala xa existiron pois no estudo económico falta que se fale da porcentaxe de aforro que vai ter o Concello gracias aos GES, pois quitando algunha emerxencia serven para todo, como recoller lixo debaixo dun banco cando hai unha empresa no Concello que ten que facer ese servizo, o que, di o concelleiro, é un exemplo da mala utilización dos GES, posto que son persoas cualificadas que tiveron unha formación, tanto física como teórica, para traballar en materia de emerxencias e neste Concello están facendo outras cousas que lles manda o Alcalde ou o concelleiro responsable. Di o voceiro que onte o Grupo estaban nun centro educativo podando, cando antes o facía unha empresa, e que esas tarefas que desenvolve o GES serán un aforro que haberá que reflectir no estudo económico, e que xa aos catro días de empezar o GES no Barco estiveron montando uns stands para unha feira, que estes son exemplos da mala utilización e que pensa que vai a haber utilización política cando lle interese ao Alcalde. Remata o sr. Blanco dicindo que o que ten que facer o Alcalde é empregar aos traballadores do GES nas súas funcións, e que nestes momentos, sen ter datos fiables, lle parece un abuso poñer esta taxa aos veciños por un servizo de emerxencia subvencionado nun 80% pola Xunta e pola Deputación e nun 20% por fondos propios do Concello do Barco.

Di o Alcalde que o caso é ridiculizar dalgunha maneira o que se está facendo para ver si desta forma se desprestixia un pouco o que está a facer o Grupo de goberno, que eses son todos os argumentos e o discurso do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, e que por riba di cousas que non son certas, pois non é verdade que os GES estiveran podando, pois ese traballo faino a empresa contratada para elo e os GES estaban recollendo as follas do chan, que ese traballo non se paga á empresa e o ano pasado fíxose cunha brigada do programa de cooperación como nos anos anteriores. Di que o que fan os GES é recoller as follas do chan pola mañá e pola tarde están amontoando e varrendo as ramas que recolle a carroceta para levar ao punto limpo. Di o Alcalde que eses traballos facíase antes con persoal dos programas de cooperación pero que este ano solo concederon a contratación de dúas persoas e neste Concello chegou a haber trinta persoas, que ese é o problema, polo que se aproveitou a presenza dos GES para que fagan ese traballo que doutra forma habería que pagarllo á empresa, que si o

que intenta dicir o sr Blanco é que os membros do GES estean esperando chamadas tranquilamente na súa base e pagarlle máis a empresa, que o diga. Respecto da instalación dos stands di o alcalde que o Concello colabora co Centro Comercial Aberto poñendo persoal ó que se lle paga e este ano colaborou co GES, entón pregunta si está ben que o Concello pague ao persoal, como o ano pasado, e este ano está mal que o Concello poña o seu persoal.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que o GES é persoal para emerxencias, non persoal multiusos.

Di o Alcalde que para emerxencias é cando chama o 112, e ese persoal sabe que aínda que estean a facer outras cousas cando soa o 112 deixan todo e acoden á emerxencia. Di que si se cumpre coas emerxencias estase a cumprir o Convenio, e fóra das emerxencias evidentemente os cartos do Concello adminístranse da mellor maneira posible, intentando aforrar ao máximo e que si o Alcalde ten un persoal que pode facer un traballo sería un mal xestor si a ese persoal o tivera sentado e contratara a unha empresa para facer ese mesmo traballo. Remata dicindo o Alcalde que o concelleiro sr. Ojea Arias, explicará o da recollida das bolsas de plástico polos GES, e que estaba xustificada a súa recollida.

Fai uso da palabra o sr. Ojea Arias e di que o dezasete de setembro, ás catro da tarde, ao finalizar a retirada do palco da música na praza Andrés de Prado, viron botellas de plástico debaixo de onde estaba o palco e como o servizo de limpeza non traballaba pola tarde non as podían recoller, polo que cre que se xustifica a súa recollida polos GES. Di que o que está claro é que o fotógrafo que fixo a foto estaba cerca de alí e estaba atendendo a sacar a foto ás botellas.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

**1.- Aprobar a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTO, PROTECCIÓN DE PERSOAS E OUTROS SEMELLANTES.”** De acordo co seguinte texto:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTO , PROTECCIÓN DE PERSOAS E OUTROS SEMELLANTES.

**Artigo 1º. Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “ Taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamento, salvamento, protección de persoas e outros semellantes” , que se deberá rexir pola presente Ordenanza Fiscal , atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 do citado RDL.

**Artigo 2º. Feito Impoñible.**

1.Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruínas ,construcións e derrubamentos, inundacións, salvamentos e en xeral, de protección de persoas e bens, comprendéndose tamén o mantemento do servizo e a cesión do uso de maquinaria e equipo adscrito a estes servizos, tales como escalas, cubas, motobombas, barcas, etc, ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do mesmo redunde no beneficio do suxeito pasivo.

2.Non estará suxeito a esta Taxa o servizo de prevención xeral de incendios nin os servizos que se presten en beneficio da comunidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declaradas.

**Artigo 3º. Suxeito Pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os usuarios dos inmobles sinistrados que sexan obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales , segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos, e arrendatarios dos inmobles.

2. Cando se trate da prestación de servizos de salvamento e outros análogos , será suxeito pasivo contribuínte a persoa física ou xurídica e a entidade prevista no artigo 35 da Lei Xeral Tribuaria que os solicite ou a favor da que redunden.

3. Terá a condición de sustituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendio e outros semellantes, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.



#### **Artigo 4º. Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas as que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras , concursos sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5º. Exencións e Bonificacións.**

1.-Concederanse exencións e bonificacións expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

2.-Gozarán dunha bonificación do 100% aquelas persoas que, non dispoñendo dun seguro cuxa cobertura cubra o custo do servizo, (e sempre e cando dito seguro non sexa de carácter obrigatorio), se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Que os ingresos da unidade familiar á que pertence o suxeito pasivo , non superen os 24.000€ anuais.

3.-Gozarán dunha bonificación do 50% aquelas persoas que, non dispoñendo dun seguro cuxa cobertura cubra o custo do servizo, (e sempre e cando dito seguro non sexa de carácter obrigatorio), se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Que os ingresos da unidade familiar á que pertence o suxeito pasivo , se atopen no tramo entre 24.001€ e 30.000€, manténdose as normas e criterios sobre base imponible, unidade familiar do apartado anterior.

Considéranse membros da unidade familiar a definida segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización a esta administración para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

#### **Artigo 6º. Cota Tributaria.**

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos , tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2. Para este efecto publicaranse as seguintes tarifas :

1. Persoal

Tarifa	POR CADA FRACCIÓN OU HORA DE TRABALLO DE	IMPORTE
1.1	Axente de intervención	15,00 €

2. Material

Tarifa	SEGUNDO O MATERIAL UTILIZADO	IMPORTE
2.1	Pola utilización de equipos especiais	30,00 €
2.2	Pola utilización do equipo de excarcelación	100,00 €
2.3	Por cada litro de desengrasante	7,00 € / litro
2.4	Por cada litro de espumóxeno	7,00 € / litro

3. Vehículos

Tarifa		IMPORTE
3.1	Pola saída da base da motobomba ou vehículo de intervención rápida, incluída a primeira hora de traballo	100,00 €
3.2	Por cada fracción ou hora de traballo adicional	30,00 €
3.3	Pola saída da base de calquer outro vehículo	30,00 €
3.4	Por cada KM de percorrido de calquera dos vehículos, computándose ida e volta	0,75 €/KM

4. En tódalas saídas contabilizarase o tempo transcorrido dende a saída ata o regreso á base.

5. Cando o servizo non chegue a intervir cobraranse unicamente a saída do vehículo da base , agás en aqueles desprazamentos fóra do concello nos que se cobrarán ademais os qm percorridos.

**Artigo 7. Obriga de Contribuír.**

A obriga de contribuír que dá dereito ó cobro da Taxa , prodúcese cando sae da Base a dotación correspondente, momento no que se inicia para tódolos efectos a prestación do servizo.

**Artigo 8º. Liquidación e ingreso.**

De acordo cos datos que certifique o xefe do servizo, os servizos tributarios deste Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos sinalados polo regulamento Xeral de recadación.

### **Artigo 9º. Infraccións e Sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral tributaria.

### **Disposición Adicional Única**

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

### **Disposición derradeira**

Esta ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**2.- Expoñer no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense en un dos diarios de maior difusión da provincia.**

**3.- Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, á aprobación do acordo definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da ordenanza, será publicado no BOP de Ourense a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.**

**5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre declaración de desistimento de recurso e declaración de deserto do concurso para a adxudicación do contrato de O.R.A.**

O sr. Alcalde dá conta do ditame da Comisión que se celebrou o día 4 de novembro de 2013, que copiado literalmente di:

**“6.- Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre declaración de desistimento de recurso e declaración de deserto do concurso para a adxudicación do contrato de O.R.A.**

Antecedentes

**1** A mesa de contratación para a licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, adoptou, en sesión de día 13 de agosto de 2013, entre outros, o seguinte acordo respecto de Grupo Europeo de Servicios Doal S.A., N.I.F. A81691289:

“(...) requirir a emenda da seguinte documentación, procedendo, ó abeiro do disposto no artigo 81 do RXLCAP, a conceder un prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción do fax de requirimento, para que emende a documentación seguinte:

A acreditación da solvencia técnica mediante a presentación dos certificados de boa execución dalgúns dos traballos relacionados na documentación xa presentada, nos termos que sinala o prego administrativo xa que na documentación presentada soamente consta copias simples de documentos contractuais pero non certificados de boa execución nos termos que esixe o prego administrativo. (...)”.

**2** A mesa de contratación para a licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, adoptou, en sesión de día 20 de agosto de 2013, entre outros, o seguinte acordo respecto de Grupo Europeo de Servicios Doal S.A., N.I.F. A81691289:

“(...) 1º Entender non emendado o requirimento efectuado pola mesa de contratación a Ges Doal S.A., N.I.F. A81691289, a través do número de fax facilitado polo propio licitador o día 14 de agosto de 2013, e polo tanto determinar excluído do procedemento ó licitador Ges Doal S.A., N.I.F. A81691289 polos seguintes motivos:

a) A documentación aportada dátase o 16 de agosto de 2013, é dicir, esta documentación non existía antes do remate do prazo de presentación de ofertas. De ser admitida, a xuízo da mesa, atentaríase ao principio de igualdade entre os licitadores ao admitir documentación inexistente durante o prazo de presentación das ofertas, dado que a documentación presentada polos demais licitadores existía antes do remate do prazo de presentación de ofertas e tamén por que mesmo puido darse o caso de que outros licitadores decidiran non presentarse por carecer da documentación esixida antes do remate do prazo de presentación de ofertas. Admitir esta documentación suporía unha ampliación de facto do prazo dado a todos os licitadores para presentar a súa documentación.

b) Os informes presentados non cumpren as esixencias do prego administrativo nin do artigo 78 a), en relación co artigo 79, do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ao non constituír “certificados expedidos o visados por el órgano competente” de boa execución, se non meros informes.

2º Notificar o apartado 1º deste acordo a Ges Doal S.A., N.I.F. A81691289, co correspondente réxime de recursos. (...)”.

**3** A notificación do acordo da Mesa de contratación ao que se refire o anterior antecedente realizouse o día 28 de agosto de 2013.

**4** O día 27 de setembro de 2013 presentouse na Subdelegación de Goberno de Ourense escrito asinado por D. Adrián Cordero González, en representación de Grupo Europeo de Servicios Doal S.A., N.I.F. A81691289, polo que se interpón recurso de alzada ante o acordo da Mesa de contratación ao que se refire o antecedente 2. O recurso fundaméntase, en resumo, no seguinte:

“(…) Esta parte en fecha, 19/08/2013, procedió a cumprimentar el requerimiento efectuado, adjuntando certificados de buena ejecución de servicios de ORA y GRUA en los Concellos de A Coruña e Ourense.(…)

(…) En relación con el primer motivo de exclusión: La documentación aportada es de fecha 16/08/2013 (...) se aportaron dentro del plazo de tres días que se concedió (...) por lo que los mismos ha de ser admitidos (...) la única exigencia es que se presente dentro del plazo conferido. No establece la norma ninguna exigencia respecto a que la documentación sea de fecha anterior a la finalización del plazo de presentación de las ofertas (...) una vez calificado el error o defecto como subsanable, implica que no afecta al cumplimiento del requisito en sí, sino simplemente a su acreditación. En este caso, el cumplimiento del requisito es evidente, ya que inicialmente, con la oferta se presentaron los contratos de ejecución de servicios y trabajos similares, que justificaría la solvencia técnica. Y posteriormente se exige la acreditación mediante certificados expedidos por órganos competentes (...)”.

“(…) Resulta incierto que la admisión de dichos certificados suponga una ampliación de facto del plazo dado a los licitadores, pues en ningún caso supone una alteración en la capacidad del licitador, y se ha presentado dentro del plazo del requerimiento para subsanar, por lo que tratándose de un defecto subsanable, es suficiente con presentar dichos certificados en plazo. Es evidente que si se acreditan los servicios, el certificado es un mero formalismo (...)”.

“(…) esta parte presentó la relación de servicios prestados, y ante el requerimiento efectuado para completar la acreditación de la solvencia técnica se presentó certificado expedido por órgano competente, que reúne

todos los requisitos establecidos en el artículo 47.7 B del R.D. 1098/2001 (...) Que no conste la palabra “certificado” y se utilice la palabra “informe”, no puede considerarse causa de exclusión, ya que el certificado reúne todos los requisitos legales y es un rigorismo formal excesivo el excluir al licitador por dicho motivo (...) el excesivo formalismo es contrario a los principios de libertad de concurrencia y eficiente utilización de los recursos públicos (...).”

**5** Reprodúcese a mesa de contratación constituída para a contratación do servizo público da O.R.A. acordou:

*“ACTA DA SESIÓN NÚM. 3 CELEBRADA POLA MESA DE CONTRATACIÓN PARA O COÑECEMENTO DO INFORME TÉCNICO RELATIVO ÁS REFERENCIAS TÉCNICAS NO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACION DE APARCAMENTO DE VEHÍCULOS EN VIA PUBLICA*

*Na sala de reunións da primeira planta do edificio de usos múltiples do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 12:00 horas do día 30 de setembro de 2013, reúnenos os seguintes concelleiros e persoal do Concello, integrantes da mesa de contratación para a licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública.*

*Asistentes:*

*Presidente: Alfredo L.García Rodríguez, alcalde do concello*

*Vogais: D. Arsenio Moldes Gómez, concelleiro, Arturo Rebollar López, inspector da Policía Local, José Manuel Muñoz Domínguez, interventor, Jesús Tallón García, secretario, José De Lis Santos-Ascarza, T.A.X.*

*Secretario/a: Jaime Dosouto Dobao, funcionario.*

*Logo de ver que existe o quorum legalmente esixido o presidente declara constituída a sesión da Mesa de contratación.*

*Pola Secretaría dáse conta do informe emitido polo arquitecto municipal de data de 20 de agosto de 2013. A mesa de contratación dáse por enterada do informe do arquitecto municipal e procede ao seu análise xunto co análise da documentación presentada por cada unha das dúas licitadoras.*

**1) Estacionamientos y Servicios S.A.U., N.I.F. A28385458**

*Respecto da proposta técnica presentada por Estacionamientos y Servicios S.A.U., N.I.F. A28385458, a Mesa de contratación comproba que no tomo I da documentación presentada que inclúe a ficha a cubrir polos licitadores se determina a porcentaxe concreta do canon municipal que pretende ofertar este licitador, alterando o modelo esixido polo prego,*

*substituíndo a expresión “mínimo el 30% del resultado” pola porcentaxe concreta que se oferta. Deste xeito o licitador está revelando anticipadamente parte da oferta económica susceptible de valoración automática dentro do sobre da oferta obxecto de xuízo valor.*

*E é que o prego de cláusulas administrativas particulares establece criterios de adxudicación valorables mediante unha fórmula matemática e outros (estudo económico-financiero e proxecto de xestión) dependen dun xuízo de valor. Para estes supostos o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, no seu artigo 150.2 establece que a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, realizarase tras efectuar previamente a avaliación dos criterios en que non concorra esta circunstancia, deixándose constancia documental diso. Pola súa banda, o Real Decreto 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público determina, no seu artigo 26, que a documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se efectuou a valoración daqueles.*

*A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa se pronunciou sobre o mantemento do segredo e separación en sobre distinto da documentación relativa á oferta económica. Neste sentido, o informe 62/08, de 2 de decembro de 2008, que sobre a base dos principios de non discriminación e igualdade de trato consagrados nos artigos 1 e 123 da LCSP (actual TRLCSP) sinala: “Estas esixencias requiren, ante todo, que na tramitación dos procedementos se exclúa calquera actuación que poida dar lugar a unha diferenza de trato entre os licitadores, moi especialmente en orde á valoración dos criterios que deben servir de fundamento á adxudicación do contrato. Pois ben, precisamente as cautelas que, habitualmente se establecen nos pregos de facer á valoración dos criterios técnicos (enténdese que nos casos en que os mesmos non son susceptibles de valoración mediante a simple aplicación dunha fórmula) teñen por obxecto como xa se dixo manter a máxima obxectividade posible na valoración. Por iso, o coñecemento da documentación relativa aos criterios de adxudicación que se aplican mediante fórmulas, pode afectar ao resultado da mesma e en consecuencia, cando son coñecidos os de parte dos licitadores soamente, a desigualdade no trato dos mesmos. Fronte a iso a única solución é a inadmisión das ofertas en que as documentacións sexan presentadas en forma que incumpran os requisitos establecidos no prego con respecto ao segredo das mesmas.”*

*En palabras do informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 30/2011, de 15 de decembro, o fundamento xa que logo da exclusión dos licitadores que incumpran o disposto nos pregos de acordo coa LCSP sobre a inclusión nos distintos sobres da correspondente documentación está nos principios de igualdade de trato e non discriminación, principios sobre os que se asenta a normativa da Unión Europea e polo tanto a española en materia de contratación.*

*Así, o artigo 139 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro sinala que os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia. Polo tanto, aplicando esta doutrina ao caso que nos ocupa, a Mesa chega á conclusión de que a oferta deste licitador resulta inadmisibile.*

## **2) Dornier S.A. N.I.F. A58369497.**

*Respecto da proposta técnica presentada por **Dornier S.A. N.I.F. A58369497** a Mesa de contratación comproba que no estudo económico presentado por ese licitador se deduce que non hai un gasto de investimento co seu correlativo gasto de amortización polos expendedores o que supón unha incoherencia co previsto no apartado 1.5 do Tomo II da documentación presentada no sobre C (no que de forma xenérica se establece a reversión de todo o material ao Concello ao finalizar a concesión, incluíndo expendedores), e sobre todo co prego técnico que sinala no apartado 1.2: “(...) No obstante el inconveniente principal es que los cajeros-expendedores actuales se encuentran en régimen de alquiler, siendo antieconómico su aprovechamiento por alquiler o compra (...) es por ello que la propuesta se enfoca a renovar los cajeros (...) de acuerdo a un sistema de amortización con reversión final de las inversiones para el Concello (...)”. Precisamente por isto se prevé no estudo económico unha amortización dos bens que ao final dos cinco anos de concesión revirten para o Concello.*

*O licitador presenta unha fichas modelo B no que prevé como gasto corrente o que debe ser un gasto de investimento (o custo dos expendedores), o que contradí os pregos e a propia declaración que fai o licitador.*

*O artigo 84 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas sinala que “Si alguna proposición no guardase concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación, variara sustancialmente el modelo establecido, o comportase error manifiesto en el importe de la proposición, o existiese reconocimiento*



*por parte del licitador de que adolece de error o inconsistencia que la hagan inviable, será desechada por la mesa, en resolución motivada. Por el contrario, el cambio u omisión de algunas palabras del modelo, con tal que lo uno o la otra no alteren su sentido, no será causa bastante para el rechazo de la proposición.*

*A oferta presentada varía substancialmente o modelo establecido ao non incluír o gasto de investimento dos expendedores, sen que sexa susceptible de emenda a posteriori polo licitador. Polo tanto a mesa chega á conclusión de que a oferta deste licitador resulta inadmisibile.*

*De acordo con todo o que antecede, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros asistentes, acorda:*

*Primeiro: Determinar a exclusión de Estacionamientos y Servicios S.A.U., N.I.F. A28385458 do procedemento de licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, por revelar no sobre C (proposta técnica) parte dos criterios de adxudicación que se tiñan que ofertar no sobre B (proposición económica), de acordo co manifestado nos parágrafos anteriores.*

*Segundo: Determinar a exclusión de Dornier S.A. N.I.F. A58369497 do procedemento de licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública xa que oferta presentada por este licitador non soamente varía substancialmente o modelo establecido se non que tamén pretende introducir unha modalidade na prestación do servizo (arrendamento dos expendedores) non admitida polos pregos reguladores deste procedemento, sen que sexa susceptible de emenda polo licitador.*

*Terceiro: Propoñer ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento de licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, expediente de contratación aprobado polo pleno do Concello en sesión de 6 de xuño de 2013, ao non ser admisible ningunha das ofertas presentadas e notificar o correspondente acordo aos licitadores que se presentaron expoñendo, de forma resumida, as razóns polas que as súas ofertas non foron admitidas.”*

**6** Emitiuse informe pola Secretaría de 1 de outubro de 2013 en relación co recurso interposto por GRUPO EUROPEO DOAL S.A. no que, entre outras consideracións, se sinalaba: “2ª A interposición do recurso de alzada realizouse nos prazos que establece o artigo 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRX-PAC), cumprindo o

escrito de interposición os requisitos que sinala o artigo 114 da LRX-PAC. O prazo máximo para dictar e notificar a resolución será de tres meses.

Sen embargo, de acordo co que sinala o artigo 32 da LRX-PAC, para entablar recursos en nome doutra persoa, deberase acreditar a representación por calquera medio válido en dereito que dexa constancia fidedigna, ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado, o que non foi acreditado pola persoa que asina o recurso, sen que se poida considerar acreditada a representación de DOAL pola designación que realiza o administrador único na documentación administrativa xa que esta se refire á recepción de comunicacións e requerimentos durante o procedemento de contratación. De acordo con este artigo a falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se aporte aquela representación ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que deberá conceder ao efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran

Polo tanto, procede requirir que se xustifique a representación que ostenta o asinante de DOAL S.A. para interpoñer o recurso.”

7 Realizouse requirimento de emenda do recurso presentado con recepción o día 10 de outubro de 2013, sen que se tivera contestado ao día da data.

## 2 Consideracións legais e técnicas

1 No informe da Secretaría o 1 de outubro de 2013, sinálase que, ao seu xuízo, a exclusión de Grupo Europeo Doal S.A. , N.I.F. A81691289, realizada pola mesa de contratación en data de 21 de agosto de 2013, se axustou a dereito por mor de non acreditar a solvencia técnica nos termos esixidos na lexislación e nos pregos técnicos.

A competencia para declarar deserto este contrato, correspóndelle ao Pleno da Corporación, de acordo coa D.A. 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

## **ACORDAMOS:**

**Primeiro: declarar desistido a Grupo Europeo Doal S.A. , N.I.F. A81691289 do recurso de alzada interposto fronte o acordo da mesa de contratación de 21 de agosto de 2013, polo que se determina a súa exclusión do procedemento de licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, expediente de contratación aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 6 de xuño de 2013, ao non ter emendado o requirimento efectuado e notificado con data de 10 de outubro de**

2013, de acordo co previsto no artigo 32 da Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Segundo: declarar deserto a o procedemento de licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, expediente de contratación aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 6 de xuño de 2013, ao non ser admisible ningunha das ofertas presentadas.**

**De acordo co disposto pola mesa de contratación as exclusións dos candidatos debéronse a:**

**-Estacionamientos y Servicios S.A.U., N.I.F. A28385458 por revelar no sobre C (proposta técnica) parte dos criterios de adxudicación que se tiñan que ofertar no sobre B (proposición económica), de acordo co manifestado nos parágrafos anteriores.**

**-Dornier S.A. N.I.F. A58369497 xa que oferta presentada por este licitador non soamente varía substancialmente o modelo establecido se non que tamén pretende introducir unha modalidade na prestación do servizo (arrendamento dos expendedores) non admitida polos pregos reguladores deste procedemento, sen que sexa susceptible de emenda polo licitador.**

**- A exclusión de Grupo Europeo Doal S.A. , N.I.F. A81691289 debeuse a:**

**a) A documentación aportada dátase o 16 de agosto de 2013, é dicir, esta documentación non existía antes do remate do prazo de presentación de ofertas. De ser admitida, a xuízo da mesa, atentaríase ao principio de igualdade entre os licitadores ao admitir documentación inexistente durante o prazo de presentación das ofertas, dado que a documentación presentada polos demais licitadores existía antes do remate do prazo de presentación de ofertas e tamén por que mesmo puido darse o caso de que outros licitadores decidiran non presentarse por carecer da documentación esixida antes do remate do prazo de presentación de ofertas. Admitir esta documentación suporía unha ampliación de facto do prazo dado a todos os licitadores para presentar a súa documentación.**

**b) Os informes presentados non cumpren as esixencias do prego administrativo nin do artigo 78 a), en relación co artigo 79, do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ao non constituír “certificados expedidos o visados por el órgano competente” de boa execución, se non meros informes.**

**Terceiro: notificar este acordo aos licitadores que concorreron á licitación, significando os recursos que procedan.”**

Prosegue o alcalde dicindo que das tres empresas que se presentaron hai unha, Doal, que quedou eliminada na apertura do primeiro sobre (documentación administrativa). Di que na apertura do seguinte sobre (proposta técnica), segundo os informes técnicos, detéctase que as dúas empresas restantes cometen erros. Remata dicindo o sr. Alcalde que a proposta de acordo que se trae ó Pleno é declarar deserto o concurso para a adxudicación do contrato da O.R.A., segundo os informes técnicos.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, o señor Blanco Paradelo, que fai uso dela para dicir que o que ten que explicar o Alcalde é porque leva cinco anos sen contrato a empresa da O.R.A., que este proceso é unha chapuza dende o principio ata o final e ó final acabou mal, e o Alcalde veu facendo con esto dende o principio o que lle deu a gana, chegando incluso a argumentar que non o puido facer antes porque non tiña Secretario titular, e sabe ben que Secretario sempre houbo no Concello, pois cando non hai Secretario está o Técnico de Administración Xeral, que evidentemente está tan capacitado como o Secretario, e que cando non había titular ao que estaba exercendo as funcións non lle importou utilizalo para modificar regulamentos, pois houbo ata tres modificacións de regulamento para ampliar a zona azul, xa que as tarifas non llas deixan modificar os técnicos. Di o voceiro que no último debate sobre este tema o Alcalde pediu poñer no contrato cinco anos máis dous, porque a empresa non cubría custes, aínda que despois a mesma empresa se volveu a presentar ao concurso, que son cousas que o Alcalde tería que explicarlle aos veciños do Barco. Di o concelleiro que o Alcalde debería rescatar a concesión, que é unha auténtica vergoña o que pasa coa ORA, pois estívose traballando ao marxe da lei, sen cobertura legal, que loxicamente o seu Grupo vai votar en contra, que non conte con eles para este tema nin os convoque para a Mesa de contratación pois non queren estar nela como cómplices para que se vexa que todo o proceso é limpo e transparente. Roga o concelleiro ao sr. Alcalde un pouco de mesura nalgunhas declaracións, como na que dixo que o P.P. non quere que salgan as cousas ben, pero quen leva cinco anos sen realizar o contrato non é o seu Grupo nin o seu Grupo ampliou máis a zona azul nin perdeu para o Concello os ingresos que tiña que satisfacer a empresa. Remata dicindo que houbo e hai unha falta de control deste tema, que empezou mal e termina peor e que, como dixo, o voto do seu Grupo vai ser en contra.

Di o sr Alcalde que el non é responsable das labores administrativas, senón que para eso están os Técnicos e que o levan ben, que ten confianza neles, e os técnicos son os que piden a documentación á empresa concesionaria e son os que dan por boas as contas que presenta porque son as oficiais e incluso as teñen auditadas, polo que en principio non se poden poñer en dúbida. Di que agora o PP pide que non se lle invite ás mesas de contratación, e nesas mesas hai un representante do partido maioritario da oposición e seguirase coa obrigación de citalo, se quere ir á mesa vai e senón non. Di que en ningunha das mesas de contratación que ten habido neste concello o Grupo do PP fixo algunha observación na acta que se levantou da sesión, polo que non pode dicir que non queren estar nas mesas como cómplices, que este proceso fíxose ben e o que non vai a asumir son as responsabilidades das empresas licitadoras que non fixeron ben o seu traballo, que non é este o primeiro concurso que queda deserto e que o único que pasa é que se atrasou cinco meses o proceso, pero que non culpa a ninguén.

Di o sr. Blanco Paradelo que a culpa dese atraso é do sr. Alcalde e senón do concelleiro delegado, e se asume as competencias de tráfico tamén ten que ter as responsabilidades, que fai cinco anos tería que comunicarlle á empresa a finalización do contrato e o que non conta é porque non o fixo, aínda que llo preguntaron e que ten de dicir a verdade de porqué non se fixo. Afirmo que o alcalde non ten que facer labores administrativas pero o que ten é que dar as ordes a quen corresponda, como cando deu as ordes para as modificacións do regulamento de ampliación de zona ORA. Di que o alcalde ten que asumir as súas responsabilidades, pois a empresa leva máis de cinco anos sen contrato e o Concello perdendo diñeiro. Remata o sr. Blanco recordando que cando foi a adxudicación da redacción do PEPRI presentáronse 4 ou 5 empresas, había unhas valoracións e ó final o equipo de goberno decidiu adxudicala á empresa que quedou clasificada en terceiro posto, e o seu grupo votou en contra na Comisión, e ó final se ve onde quedou o PEPRI.

Di o sr. Alcalde que o PEPRI está feito, que é un bo PEPRI que se están arranzando fachadas e casas cumprindo coas normas do PEPRI, e que non é como o conta o voceiro do PP, non se lle adxudicou á empresa que tiña a mellor oferta económica xa que había un informe dos técnicos no que dicían que esa empresa era a que mais experiencia tiña nese tipo de programas e que eso valorábase como criterio de adxudicación.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias,

Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

**Primeiro: declarar desistido a Grupo Europeo Doal S.A. , N.I.F. A81691289 do recurso de alzada interposto fronte o acordo da mesa de contratación de 21 de agosto de 2013, polo que se determina a súa exclusión do procedemento de licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, expediente de contratación aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 6 de xuño de 2013, ao non ter emendado o requirimento efectuado e notificado con data de 10 de outubro de 2013, de acordo co previsto no artigo 32 da Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.**

**Segundo: declarar deserto a o procedemento de licitación do contrato de xestión de servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos en vía pública, expediente de contratación aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 6 de xuño de 2013, ao non ser admisible ningunha das ofertas presentadas.**

**De acordo co disposto pola mesa de contratación as exclusións dos candidatos debéronse a:**

**-Estacionamientos y Servicios S.A.U., N.I.F. A28385458 por revelar no sobre C (proposta técnica) parte dos criterios de adxudicación que se tiñan que ofertar no sobre B (proposición económica), de acordo co manifestado nos parágrafos anteriores.**

**-Dornier S.A. N.I.F. A58369497 xa que oferta presentada por este licitador non soamente varía substancialmente o modelo establecido se non que tamén pretende introducir unha modalidade na prestación do servizo (arrendamento dos expendedores) non admitida polos pregos reguladores deste procedemento, sen que sexa susceptible de emenda polo licitador.**

**- A exclusión de Grupo Europeo Doal S.A. , N.I.F. A81691289 debeuse a:**

**a) A documentación aportada dátase o 16 de agosto de 2013, é dicir, esta documentación non existía antes do remate do prazo de presentación de ofertas. De ser admitida, a xuízo da mesa, atentariáase ao principio de igualdade entre os licitadores ao admitir documentación inexistente durante o prazo de presentación das ofertas, dado que a documentación presentada polos demais licitadores existía antes do**

**remate do prazo de presentación de ofertas e tamén por que mesmo puido darse o caso de que outros licitadores decidiran non presentarse por carecer da documentación esixida antes do remate do prazo de presentación de ofertas. Admitir esta documentación suporía unha ampliación de facto do prazo dado a todos os licitadores para presentar a súa documentación.**

**b) Os informes presentados non cumpren as esixencias do prego administrativo nin do artigo 78 a), en relación co artigo 79, do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ao non constituír “certificados expedidos o visados por el órgano competente” de boa execución, se non meros informes.**

**Terceiro: notificar este acordo aos licitadores que concorreron á licitación, significando os recursos que procedan.**

#### **6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica sobre aprobación Conta Xeral exercicio 2012.**

Di o sr. Alcalde que a Conta xeral do exercicio 2012 se ditaminou favorablemente pola Comisión especial de contas na sesión celebrada o 27 de setembro de 2013, e durante a exposición pública non se presentaron reclamacións, polo que se trae a Pleno para a súa aprobación definitiva.

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, o señor Blanco Paradelo, que fai uso dela para dicir que na Conta Xeral hai que destacar a súa elaboración técnica, que reflexa o comportamento dende distintas magnitudes económicas, pero tamén ten unha parte política. Prosegue dicindo que como é habitual neste Concello, a Conta preséntase fóra de prazo, que quere destacar a gran cantidade de informes desfavorables que hai na Conta xeral, que son 132 informes con reparos dos técnicos, moitos deles gravísimos, incluso algúns con efectos suspensivos, e que o sr. Alcalde dálle igual ter máis de 130 informes desfavorables pois parécelle que é cousa menor. Di o voceiro que o grado de execución das obrigas recoñecidas está no 84%, e que iso supón que descende un punto con respecto ao ano anterior, e eso é preocupante, e tres puntos con respecto á execución do anterior, que aumentan o número de modificacións orzamentarias, o que quere dicir que eso é froito da improvisación e da falta de planificación, que son preto de 50 expedientes de modificación orzamentarias que se fixeron no ano, que chama a atención o grado de execución do orzamento corrente, que aumenta chegando ata o 90%, seis puntos con respecto ao ano anterior, co que non se reduce o gasto corrente

como se di, e a presión fiscal, que está en 326,89€, aumentado dunha forma considerable e que con respecto ao ano 2011 aumenta en case 25€, que é preocupante que dende o ano 2008 ou 2009 a subida que se produce ata o 2012 é superior a 63€ mentres diminúe a inversión per cápita. Afirma o sr. concelleiro que é verdade é que dende o ano 2009 o Alcalde conxelou os impostos, pero unha vez pasado o mes de maio do ano 2011, cando renovou a maioría absoluta, faltando a súa promesa electoral, subiunos. Remata a intervención o sr. Blanco dicindo que o seu Grupo, cos datos que acaba de expoñer, vai a votar en conta da aprobación da Conta xeral pois aínda que entende que é un documento técnico, dando o voto favorable, entenderíase que estarían referendando dalgún xeito a xestión do equipo de Goberno, e que eses datos non son reflexo dunha boa xestión económica.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde que di que xa esperaba que o PP votara en contra, que é o normal. Di que en relación coas modificacións de crédito o ano pasado dun presuposto de case oito millóns douscentos mil euros quedaron sen pagar 50.000€ e deses 50.000€ bastante máis da metade foi por presentar as facturas fóra de prazo, non por falta de partida orzamentaria, que o importante nunha liquidación é que haxa diñeiro en Tesourería pois xa se vai co segundo plan de pago a provedores e a ningún deles se sumou o Concello do Barco porque ten diñeiro en caixa para pagar porque administra ben. Di o alcalde que estes anos reducíronse os ingresos, mesmo o ano pasado xa realizado o gasto no mes de novembro nos dixeron que se reducían as transferencias por servizos sociais, e que este ano non houbo plans de cooperación, non houbo brigadas para xardíns e para obras e tívose que manter os xardíns e seguiuase facendo obras. Di que como o grupo de Goberno sabe que cada vez ven menos diñeiro vía subvencións pois fanse unhas previsións en base aos ingresos pero gástase con precaución e redúcense moitas cousas, porque quérese garantir que cando se fagan as contas ó final do ano se haxa ingresado un pouquiño máis do que se gastou para que a liquidación sexa positiva, e que eso foi o que se fixo durante catorce anos, sempre houbo unha liquidación positiva, gastouse menos do que se ingresou. Di o alcalde que o sr Blanco fala de aumento de presión fiscal cando o seu partido subiu todos os impostos a nivel nacional, que parece que o voceiro do PP fala de baixar os impostos no Concello do Barco porque está na oposición e apoia a subida no Parlamento de Galicia, pois o PP vai a subir tres céntimos a gasolina e o gasóleo por cada litro, vai subir a todos os veciños o 33,5% no recibo do lixo e leva subindo todos os impostos non últimos dous anos, mentres que o equipo de goberno para o ano que ven non tocou ningunha taxa, intenta crear unha nova e para o pleno do mes que ven traerán outra nova pero que non lle van a afectar aos veciños, pois inténtase sacar por outros lados o diñeiro que non ven e antes



viña, que o que hai que ser é serios co da presión fiscal e que o mellor que poden facer os representantes do PP é gardar un discreto silencio. Di o Alcalde que, como xa dixo antes, o importante é que o Concello do Barco é un concello solvente porque se administra ben, aínda que xa dende a primeira lexislatura deste equipo de goberno se dicía por parte da oposición que se estaba arruinando o concello e sempre se pagou a todos e se segue a pagar. Respecto dos reparos nos expedientes de modificación afirma o Alcalde que moitos deles son en expedientes nos que el non puxo nin unha coma e ó final lle cae o reparo a el, que a verdade é que a lexislación se está enmarañando moito e se está burocratizando tanto a vida do cidadán que ó final é moi difícil e case imposible facer un expediente para resolver un problema cumprindo ao cen por cen toda a lexislación.

Concédeselle a palabra ao o sr. Blanco Paradelo que sinala que se está a debater sobre a Conta Xeral do Concello do Barco de Valdeorras e que el non forma parte de ningún goberno. Afirma que o sr. Alcalde administra os seus impostos e que di unha cousa no seu discurso e despois fai outra, como cando dixo no ano 2011 que non se ía cobrar as contribucións especiais da rúa da Coruña, retirándoas tres meses antes das eleccións municipais e na primeira Xunta de Goberno Local que celebraron despois das eleccións xa levou esas contribucións, e tamén se comprometeu a que non habería subida de impostos nin actualización do IPC e en canto pasaron as eleccións subiu os impostos. Afirma o concelleiro que en plena crise o alcalde fixo que os cidadáns do Barco, dende o ano 2009 ao 2012, pagaran 63,16 € máis, e non se pode escudar en que os demais gobernos o fan, que o PP baixará os impostos cando poda.

Di o sr Alcalde que entre os anos 2002 e 2004, cando gobernaba o PP, Aznar dixo que os servizos había que cobrarllos aos cidadáns polo custo real, e que el dixo aquí moitas veces que eso é certo, que eso o defendeu sempre, que moitos concellos non o fan e ao non cobrar polos servizos non teñen para prestar outros servizos. Afirma que un exemplo desta ese é neste Concello o servizo de auga, que se mantén e que a taxa que o finanza actualizouna o equipo de goberno, posto que o anterior goberno privatizara o servizo pero non actualizara as taxas, e que cando o seu Grupo chegou ao Concello había unha débeda de vintecinco millóns de pesetas coa empresa que tiña a concesión, o que se arranxou mediante unha negociación e aprobando o que dicía o contrato. Prosegue dicindo que respecto da recollida de lixo tívose equilibrada ata a nova adxudicación, desequilibrándose ao mellorar o servizo e ter máis maquinaria, e que non se tocaron as taxas coa nova empresa porque xa empezaba a crise, tendo que asumir o Concello o déficit de 90.000€, sendo imposible sumarlle outros

90.000€ que vai a cobrar SOGAMA si o goberno da Xunta non dá marcha atrás, polo que o Concello non vai poder asumir un déficit de 180.000€ coa recollida de lixo e espera que a Xunta de Galicia recapacite neste tema e que dea unha saída aos concellos. Afirma o Alcalde que el sempre dixo que hai que pagar as taxas e que hai que incrementar o IPC para poder manter os servizos.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

**Aprobar definitivamente a Conta Xeral corresponde ao exercicio 2012.**

#### **7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día proposición do Grupo Municipal do P.P. sobre “*convenio para a doazón de alimentos*”.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédese a palabra á concelleira Sra. Rodríguez Vázquez, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Segundo os últimos datos facilitados por algunhas das entidades máis representativas de carácter benéfico da nosa comarca, no presente ano, lévanse realizadas en O Barco preto de 5.000 atencións, chegando a máis de 600 persoas con necesidades. Deste xeito, tal e como afirmaron públicamente os responsables de Cruz Vermella e Cáritas a súa labor asistencial incrementouse nos últimos tempos por mor das dificultades económicas polas que atravesamos a nosa sociedade, e en particular moitas familias que acoden reiteradamente a este tipo de axudas.

Os veciños e veciñas de O Barco teñen demostrado a súa xenerosidade a través da súa participación en diferentes proxectos sociais como actuacións, concertos, cenas, mercadillos, sorteos etc... onde os barquenses amosan en cada convocatoria o seu corazón solidario.

Ademais do xusto recoñecemento veciñal e o papel fundamental das distintas institucións ou asociacións que neste eido levan traballando moitos anos, tamén se teñen sumado todo tipo de colectivos, entidades e centros educativos que con cada actividade conseguen periodicamente unha gran recolección de roupa, comida, medicinas, xoguetes ou cartos para poder afrontar os gastos básicos do día a día de calquera fogar.

Dende o grupo popular somos conscientes que, malia que a situación comeza a mellorar, aínda hai e seguirá habendo moitas familias que seguirán atravesando serias dificultades para poder levar as súas casas algo tan elemental como son os alimentos e os produtos de primeira necesidade.

Por iso, consideramos que desde o Concello sería moi positivo impulsar a sinatura de “Convenios de Colaboración” coas grandes e medianas superficies comerciais para que de xeito continuo e permanente poidan doar unha importante cantidade de alimentos.

Con esta proposta, queremos que a Concellería de Asuntos Sociais incentive as áreas comerciais do Barco para que doen produtos alimenticios, en moitos casos excedentes en bo estado que son desaproveitados, e a través das propias asociacións benéficas e coa colaboración institucional do Concello poidan distribuírse diariamente ou semanalmente entre as familias máis necesitadas. Do mesmo xeito, a Concellería podería crear o distintivo de “Entidade Solidaria”, para que o poñan nas súas instalacións e o Concello publicitar na súa Web a lista de colaboradores que participen nesta campaña.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** O Concello de O Barco promoverá a sinatura de Convenios de Colaboración coas grandes e medianas superficies comerciais situadas na nosa Vila para a doazón continuada e permanente de produtos alimenticios.

**Segundo.-** A Concellería de Asuntos Sociais, en colaboración coa Concellería de Comercio, porá en marcha unha campaña de sensibilización e información para que se sumen todos os supermercados ou comercios que así o desexen.”

Fai uso da palabra a Concelleira delegada de Servizos Sociais, sra. Álvarez Diéguez, quen di que o Concello do Barco realiza dende o departamento de Servizos Sociais unha moi labor específica e continuada cos colectivos desfavorecidos, tanto usuarios do propio Concello como usuarios que por circunstancias persoais solicítano aquí aínda que non estiveran empadroados. Di que dende finais do 2011 estableceuse coa Asociación Cáritas un convenio de colaboración no que se especifica o acordo para que dende a propia asociación distribúan alimentos aos colectivos máis necesitados, alimentos tanto procedentes do Banco de Alimentos Europeo como de excedentes de empresas, que o acordo tómase concretamente por una parte para facilitar aos usuarios un único punto de referencia ao que acudir pero tamén para evitar a duplicidade do servizo aos usuario ou a posible falta de servizo a outros, que se incorporou un novo servizo no que se establece un triple acordo entre Cáritas, o Concello e as empresas de alimentación do Bierzo, polo que cunha periodicidade de 10-15 días tráense ao Barco os alimentos excedentes das empresas de alimentación do Bierzo, e que para sufragar os gastos de transporte o Concello do Barco aporta á Cáritas un incremento na subvención nominativa que recibe anualmente de 2.500€, sendo o total da cantidade para este ano de 8.000€, que neste pasado mes de outubro estableceuse unha nova colaboración por mediación do Concello, entre Cáritas e o supermercado Eroski, polo que a partir de agora haberá unha xestión e reparto de excedentes desta superficie comercial entre

os colectivos que así o precisen a través de Cáritas. Di que como ben se di na Moción presentada polo PP, os veciños e veciñas do Barco sempre demostraron a súa xenerosidade e proba diso, como se dicía, é a súa continua e masiva participación en proxectos de axuda que tanto dende o propio concello como dende outras entidades véñense sucedendo ao longo do tempo. Prosegue dicindo que como veciños que son do Barco o Grupo de goberno sempre reflectiu dende o principio a sensibilidade cara este tema, adaptándose en cada momento aos problemas socioeconómicos que a nosa poboación sufriu ao longo dos derradeiros anos e sempre tendo en conta esta sensibilidade que require un tema tan concreto e delicado, que a labor do departamento de Servizos Sociais sempre foi constante pero á vez discreta, pois os acordos con Cáritas fixéronse sen buscar o titular de prensa, sen publicidade en exceso, porque cre que debe ser así e que nese sentido seguirán traballando tanto o goberno como os técnicos, posto que cando unha persoa se sinte na necesidade de acudir á beneficencia para solicitar axuda en alimentos para os seus fillos e familia, esta situación require dunha especial sensibilidade por parte de todos. Di que por todo o que expuxo o concello do Barco continuará promovendo a sinatura de convenios de colaboración entre establecementos comerciais para a doazón de alimentos. Remata a sra. Álvarez Diéguez dicindo que o Grupo de goberno non ten ningún inconveniente en aprobar a moción presentada polo PP, posto que o que piden xa se está facendo dende 2011.

Di a sra. Rodríguez Vázquez que quere agradecer o apoio da proposta presentada polo seu Grupo, polo ben de Valdeorras e porque cre que se educan en valores solidarios á xuventude e que se deben unir forzas para que no Barco conste o slogan da solidariedade que pensa que é unha palabra imprescindible nestes momentos que se están as pasar.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.- O Concello de O Barco promoverá a sinatura de Convenios de Colaboración coas grandes e medianas superficies comerciais situadas na nosa Vila para a doazón continuada e permanente de produtos alimenticios.**

**Segundo.- A Concellería de Asuntos Sociais, en colaboración coa Concellería de Comercio, porá en marcha unha campaña de sensibilización e información para que se sumen todos os supermercados ou comercios que así o desexen.**

**8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día proposición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a axilizar os trámites para o recoñecemento oficial do “Camiño de Inverno” como ruta xacobeá.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédese a palabra á concelleira Sra. Dacal Feijoo, quen dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“De todos é coñecida a existencia dun camiño a Santiago que atravesa as bisbarras do Bierzo, de Valdeorras, a Ribeira Sacra Lucense e do Deza, nun percorrido que comeza en Ponferrada e transcorre ata Lalín onde empata coa Vía da Prata para continuar ata Santiago de Compostela. Dito camiño é denominado de Inverno porque segundo consta a través de diversa documentación era unha alternativa ó camiño francés cando as inclemencias do tempo, especialmente as neves do inverno impedían o percorrido polo Cebreiro.

Dito camiño se está a reivindicar como ruta Xacobeá desde o ano 1999, cando se creou a “Asociación de Amigos do Camiño de Inverno” que pelexa desde entón polo recoñecemento oficial desta ruta por parte da Xunta de Galicia.

Despois xa de moitos anos o grupo parlamentario do PS<sup>de</sup>G PSOE presentou unha moción na que instaba á Xunta de Galicia a acelerar os trámites para o recoñecemento oficial, que foi aprobada por unanimidade, comprometéndose o goberno da Xunta en publicar a resolución nun prazo de 6 meses.

É necesario poñer de manifesto a importancia que este camiño pode chegar a ter para os nosos concellos, territorios moi deprimidos economicamente e con poucas posibilidades de desenvolvemento. Sen dúbida o denominado “Camiño de Inverno” pode supoñer un revulsivo importante para o sector servizos dentro do noso territorio, que abrangue os concellos de O Barco, Carballeda, Rubiá, Vilamartín e A Rúa en Valdeorras; Quiroga, Ribas del Sil, A Pobra do Brollón, Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Sober, Saviñao e Chantada en Ribeira Sacra; e Rodeiro e Lalín no Deza.

Transcorridos xa 9 meses dende a súa aprobación en sede Parlamentaria, e polo anteriormente exposto, propoñemos ó Pleno do Concello do Barco de Valdeorras que se someta a votación a seguinte:

**MOCIÓN**

- Esixir á Xunta que non dilate máis a declaración oficial coa súa publicación no DOGA.
- Solicitar da Xunta de Galicia que, unha vez se produza a declaración oficial, se inicien os traballos de sinalización e adecuación do camiño á maior brevidade posible.”

Fai uso da palabra o voceiro do PP, sr. Blanco Paradelo, quen di que o se Grupo está de acordo do fondo da Moción, non así tanto como co primeiro punto do texto, porque si a Xunta non procede á publicación da declaración

non é porque estea dilatando o tema no tempo senón que o tema estase debatendo no Parlamento, que el tamén o pediu en distintas ocasións, e que o certo é que faise necesaria unha modificación da lei de protección dos camiños, xa que o Camiño de Inverno non aparece como camiño oficial. Di que na Moción fálase que dende o 1999 estase a reivindicar e si fose tan sinxela a declaración oficial puidérona facer cando o Partido Socialista estivo no Goberno da Xunta, que estase a traballar no tema, desenvolvendo distintas reunións de cara a proceder a esa modificación e que tamén habería a posibilidade de incluír este tema na futura lei de patrimonio de Galicia o que lle daría moita máis seguridade e certeza ao Camiño, que é certo o compromiso da Xunta co tema e que lle parece ben que dende o Concello se lle dea este toque de atención, que aínda que o primeiro punto sería matizable non vai facer emenda e o seu Grupo vai votar a favor porque o importante é que entre todos se lle mande á Xunta que canto antes, cumprindo as normas e leis, se poida recoñecer e se proceda a súa sinalización, que de todas formas un exemplo diso é que dende a Xunta concedeuse o obradoiro que solicitaron tres concellos, O Barco, Rubiá e Carballeda, entón aí hai un apoio pois viuse que era unha boa idea para comezar a traballar, e que espera que o Alcalde vaia informando á Corporación dos traballos que se vaian desenvolvendo ao longo do Camiño, polo menos na parte correspondente ao concello do Barco. Remata o sr. Blanco dicindo que el ten o compromiso de que no ano 2014 a declaración oficial do camiño poderá ser unha realidade e que eso espera.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro. Esixir á Xunta que non dilate máis a declaración oficial coa súa publicación no DOGA.**

**Segundo. Solicitar da Xunta de Galicia que, unha vez se produza a declaración oficial, se inicien os traballos de sinalización e adecuación do camiño á maior brevidade posible.**

### **9º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día proposición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre “repago farmacéutico”**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao concelleiro sr Alonso Araújo, quen despois de felicitar tamén ao concelleiro D. Luis Victorino Arias Fernández polos vinte e cinco anos como membro da Corporación do Barco, dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Dende a posta en marcha, no ano 2012, do Real decreto – lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes mal chamado para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, moitos foron os pasos dados pola administración en contra dos dereitos dos doentes, incluso dos máis graves.

Unha das medidas máis importantes é a obrigatoriedade de cofinanciar unha parte do custe dos medicamentos por parte d@s pensionistas, que pasaron de non pagar polos medicamentos a pagar en función da súa renda..

A introducción do “repagamento”, temos que engadir a exclusión de máis de 400 fármacos, da lista de medicamentos financiados os cales dende entón multiplicaron o seu custe. Ambas medidas sumadas están rompendo o equilibrio das economías máis fráxiles, dun xeito moi especial d@s xubilad@s coas pensións máis baixas.

Non debemos esquecer que os salarios e as pensións en Galicia son dos máis baixos do Estado, polo que esta medida, sumada a outras tamén antisociais que xa se teñen aplicado tanto polo Goberno de Rajoy como polo Goberno de Feijoo, están a deteriorar a calidade de vida e a empeorar as desigualdades sociais.

Os Concellos galegos son dos que teñen máis poboación envellecida. E polo tanto máis pensionistas e máis enfermos crónicos, por tanto, é a poboación máis afectada porque é a que consume máis medicamentos.

Pensionistas que ademais do copago dos medicamentos teñen que facer fronte ás subidas do IVE, da auga, do transporte, e agora do lixo, ... con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Estamos comprobando que esta medida do copago non reduciu o gasto farmacéutico sustancialmente senón que aumentou o gasto das economías d@s enfermos, d@s pensionistas e dos cidadáns. E dada a situación económica das familias estanse a dar xa casos de persoas que non recollen os medicamentos despois de ser recetados pol@ medic@ por falta de recursos económicos.

Pero si as medidas impostas, ata agora ,trala publicación do Real Decreto eran inasumibles, os sucesivos recortes e copagos que van aparecendo co desenrolo do mesmo aínda están complicando máis as cousas.

Recentemente se publicaba no Boletín Oficial do Estado, o 19 de setembro, a Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que:

*- se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario, en desenrolo do Real decreto-lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.*

Con esta publicación, feita por certo, sen notificación ou información previa do Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade, o Goberno evitaba a súa publicidade tratando de soslaiar a reacción adversa dos profesionais da sanidade, dos pacientes afectados e as súas familias, presentándoo así como un feito consumado.

Este Decreto vén de modificar tamén as condicións do financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais ao implantar o repago por parte das persoas usuarias.

O goberno do PP, o chama aportación reducida, pero é unha mentira máis. Pois se trata de aboar o 10% do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria, ata un tope de 4,20 euros, por envase, o que supón, nun contexto de crise e perda de recursos para a cidadanía en definitiva outro novo imposto.

A inxustiza e a crueldade destas medidas ven dada polo feito de que vai ser aplicada aos pacientes mais graves e a moitos enfermos crónicos que van ter que empezar a pagar por ese tipo de medicación.

A ministra, Sra Mato, acorda por medio desa medida impoñer o pagamento de 157 presentacións farmacolóxicas duns 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e cronicidade tales como o cancro de mama avanzado, o cancro de ril avanzado, o tratamento de diversos tumores cerebrais, a leucemia mieloide crónica, a artrite reumatoide, a dexeneración macular ou a hepatite C Crónica...entre outros.

Ante esta circunstancia, moitas foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores os que elevaron a súa protesta á administración.

De igual maneira o fixeron algunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias ou País Vasco, que amosaron a súa incompreensión ante unha medida tan ineficaz como inxusta.

En Galicia, o Sr Feijoo, xa ten anunciado que as vai comezar a aplicar no mes de xaneiro, sen ningún cuestionamento, nin oposición aínda sabendo o prexudicial que é para os pacientes mais graves e o pouco efectiva que vai ser dende o punto de vista económico.

Esta medida que introduce outro repago mediante un novo imposto aos mais enfermos e aos máis débiles supón un quebranto para a saúde pública que se deriva de cobrar tratamentos en situacións de risco para a vida humana,

### UN DEREITO COMO É O DA SAÚDE NON PODE CONVERTIRSE NUN PRIVILEXIO.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de O Barco, somete para a súa aprobación en Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO-** Instar á Xunta de Galicia a demandar do goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro.

**SEGUNDO -** Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON aplicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria hospitalario de medicamentos indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenzas crónicas.”

Fai uso da palabra o voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, quen lle pregunta ao sr. Alonso Araújo si o a ordenanza do GES é un repago e si é inxusto cobrar pola asistencia de emerxencias, pois está no 80% financiado pola



Xunta e pola Deputación, a través dos impostos dos galegos. Afirma o concelleiro que ve que este é o novo PSOE de Besteiro, que utiliza as institucións nas que se goberna en maioría para facer oposición á Xunta de Galicia. Di que no RD 16/2012, do 20 de abril, está regulado o novo modelo de achega en farmacia, poñendo en marcha medidas urxentes para garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, que o Partido Socialista practicamente deixou quebrar, que esta norma introduce por primeira vez criterios de equidade demandada polos cidadáns e de seguridade que demanda o sector sanitario, que o PSOE denunciou no seu día receitar os medicamentos xenéricos, que ó final o Constitucional deu a razón ó PP, e agora é un exemplo e vano a aplicar en todas as comunidades do estado español, que a achega que terá que aportar un usuario será dun máximo dun 10% do prezo de venda ao público, ata un tope de 4,20€ por envase con independencia de ser paciente activo ou pensionista, é dicir si un medicamento custa 20€ o usuario pagará 2€, pero si como ocorre en moitos casos os medicamentos custan centos ou miles de euros, o usuario só aportará 4,20€. Di que do presuposto de oito mil millóns de euros que ten a Consellería de Sanidade, mil millóns son de gastos farmacéutico e nestes momentos é unha cantidade moi importante e grazas á medida de administración de fármacos xenéricos estase a producir un aforro que se pode destinar a outro tipo de materias sociais. Di o voceiro que quere lembrar que as farmacias en Galicia están cobrando e que mentres noutras comunidades se pechan hospitais en Galicia constrúense hospitais e novos equipamentos sanitarios. Remata o sr. Blanco dicindo que a medida é complicada pero o Goberno ten que asumir esa decisión e que aínda non está fixada a data para a implantación desta medida.

Concédeselle a palabra ó sr. Alonso Araújo que afirma que lle da pena escoitar que o sr. Blanco compare os GES co repago farmacéutico, pois é comparar unha taxa por un servizo, o do GES, con un imposto que se lle está impoñendo as persoas que só piden ter o dereito a sobrevivir. Di o concelleiro que o PP foi metendo a tesoura no sistema sanitario a través do copago farmacéutico, que os pensionistas pagan un 10% dos medicamentos, a través do medicamentazo, que retirou do sistema farmacéutico máis de 400 medicamentos que agora hai que pagar, que estableceu o copago de próteses, o copago do transporte sanitario non urxente, o copago de produtos dietéticos e agora o copago farmacéutico. Di o sr. Alonso que Mariano Rajoy afirmou o 17 de marzo de 2012: *“no soy partidario del copago en la Sanidad”*, que María Dolores de Cospedal o 4 de novembro de 2011 dixo que *“en el PP tenemos una línea roja que no vamos a pasar, la Sanidad pública universal y gratuita”* e que Ana Pastor o 29 de marzo de 2011 dixo que: *“el PP ha estado, está y estará en contra del copago”*

*sanitario*” e que , todas estas citas, di o concelleiro, se fixeron cando o PP pensada que o copago prexudicaba seriamente a saúde. Por último, o sr. Alonso Araújo di que Patricia Flores, viceconsejera de asistencia sanitaria de Madrid dixo: “¿tiene sentido que un enfermo crónico viva gratis del sistema?. Di que xa hai gobernantes do propio PP que se mostraron en contra desta medida, como a Comunidade Valenciana, Castela e León, Extremadura, aínda que o presidente Núñez Feijoo non o fixo así e segue aplicando a máxima da obediencia debida a Madrid. Di o concelleiro que a decisión de tomar esta medida, que hai que recordar que afecta a enfermos crónicos graves, é mezquina, cruel, indigna e cun compoñente sádico. Di que pregúntase qué sentido ten unha medida na que vai a custar máis a súa xestión que o que recada, posto que segundo os cálculos en Galicia vanse a recadar 200.000€ /ano en todas as farmacias hospitalarias que van a dispensar esta medida, no Hospital Comarcal de Valdeorras a recadación será aproximadamente de 2.200€, e que pensa que o sentido da medida está en prepararnos para futuros copagos como, por exemplo, na educación ou noutros ámbitos. Di o sr Alonso que parécelle un descaro e unha e falta de respecto á intelixencia cidadá as declaracións do presidente Feijoo no Parlamento Galego, cando dixo que “*gracias á implantación desta medida imos a mercar nova tecnoloxía sanitaria*”, pois cunha recadación tan ridícula, 200.000€/ano, non se pode implantar fármacos innovadores e mercar nova tecnoloxía. Di que o que realmente aumentou neste guillotino á sanidade foi o gasto farmacéutico privado nunha media dun 12% nos últimos tempos. Remata o sr Alonso Araújo anunciando que desde o Concello do Barco tense a sensibilidade que hai que ter cos máis desfavorecidos e que mantendo as políticas sociais vanse a sumar aos Concellos que van a contribuír aos custes do repago farmacéutico dos seus cidadáns.

Di o sr Blanco Paradelo que o alcalde de Pontevedra dixo que non ía facer o que anunciou o sr. Alonso, que non é tanta xente a que vai ter que pagalo porque si fora máis xente o Equipo de goberno non o faría, que o que está a pasar é que a xente que máis ten é a que vai pagar máis, que el non comparou as emerxencias coa sanidade, solo preguntou si era repago ou non o servizo dos GES, cando é un servizo subvencionado, que os maiores non son desfavorecidos todos por ser maiores e a xente que por desgracia padece enfermidades crónicas non ten porque non ter posibles económicos, que sempre se poñen nos casos peores, e que hai que dicir que os parados e os pensionistas das pensións non contributivas seguirán sen pagar absolutamente nada. Di o sr. Blanco que o sr Alonso Araújo citou un panorama demasiado negro, e pregúntalle si prefire estar en Cataluña onde se pechan hospitais e onde non cobran as farmacias ou en Andalucía ou

prefire estar nesta Comunidade onde se van a poñer novos servizos hospitalarios e se están a construír novos equipamentos sanitarios. Afirma que non comparte a demagogia que fixo o sr. Alonso, nin os adxectivos empregados na súa intervención e que quere recordar que o seu Grupo fixo seguidismo de todo o que facía Maquiavelo de León quen tamén dixera que non ía tocar as pensións e que ía a conservar os soldos dos funcionarios e quitou pagas e fixo recortes. Remata o sr. Blanco Paradelo dicindo que o seu Grupo vai rexeitar a Moción co ánimo de que nesta situación de crise aquelas persoas que máis teñan contribúan e que estas medidas que poidan ser o menos dolorosas posibles.

Di o sr. Alcalde que vaille contestar ao sr. Blanco á pregunta que lle fixo o sr. Alonso, de que si consideraba xusto que pagara máis o que máis ten, e que a súa resposta é si pero eso é na declaración da renda, porque hai dous servizos que teñen que ser universais, que é a Sanidade e a Educación, e que o estado ten que garantir a Sanidade e a Educación universal e gratuíta, porque temos que ser todos iguais nestes servizos.

Di o sr. Blanco Paradelo que xa o é.

Di o sr. Alcalde que non o é porque hai que pagar polas medicinas e por moitas máis cousas, e esta é un avance pois si esto cala dentro de pouco xa se seguirá a falar de qué máis cousas se lle ocorren, ó mellor tamén empezamos a cobrar un euro por consulta.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro.**

**SEGUNDO.- Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON aplicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria hospitalario de medicamentos indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenzas crónicas.**

## **FASE DE CONTROL ÓS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **1º Mocións urxentes**

Di o sr Alcalde que hai dúas mocións urxentes. Dunha se deu conta na Comisión de Facenda aínda que non se ditaminou porque faltaba o informe do Interventor, e sería continuación do punto número 5 da Orde do día onde se deixou deserto o concurso da ORA co obxecto de iniciar un novo concurso para adxudicar o contrato.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, di o sr. Alcalde que a proposta sería a aprobación do expediente de contratación ORA e a delegación de competencias que, como se explicou na Comisión de Facenda, por facer máis áxil o procedemento delégase na Xunta de Goberno Local para que se podan tomar acordos de pequenas cuestións e non se teña que esperar á celebración do Pleno mensual, aínda que a aprobación do prego como a adxudicación se fará no Pleno, con informe previo da comisión informativa.

### **Aprobación do expediente de contratación do servizo O.R.A. e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.**

O sr Alcalde da lectura a proposta de acordo que copiada literalmente di:

“PROPOSTA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DE APARCAMENTO DE VEHÍCULOS ( O.R.A ) E GRÚA MUNICIPAL EN O BARCO DE VALDEORRAS.

Unha vez formado o expediente de contratación solicítase informe preceptivo da Secretaría e Intervención, para que o Pleno adopte o seguinte acordo:

1º Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figuran no expediente, o anteproxecto de explotación, prescricións técnicas e demais contido do expediente para a contratación, baixo a modalidade de concesión, da xestión do servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos ( O.R.A ) e grúa municipal.

2º Acordar apertura do procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación ( canon variable sobre resultado, estudio económico-financeiro, proxecto de xestión e melloras) do contrato, baixo a modalidade de concesión, da xestión do servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos ( O.R.A ) e grúa municipal.

3º Designar membros da mesa de contratación a:

Presidente: o alcalde do Concello do Barco de Valdeorras ou persoa que legalmente o substitúa.

Vogais:

Un representante do grupo municipal do Partido Popular

Eduardo Oje Arias, concelleiro do grupo de goberno.

Jorge Rodríguez Fernández ( funcionario, arquitecto municipal do Concello do Barco de Valdeorras )

José de Lis Santos-Ascarza (funcionario, técnico de administración xeral do Concello do Barco de Valdeorras).

Arturo Rebollar López (funcionario, xefe da policía local do Concello do Barco de Valdeorras)

O interventor do Concello do Barco de Valdeorras ou persoa que legalmente o substitúa (viceinterventor ou en quen delegue).

O/A secretario/a do Concello do Barco de Valdeorras ou quen legalmente o/a substitúa.

Secretario/a: Jaime Dosouto Dobao (funcionario do Concello do Barco de Valdeorras).

suplente: José María Murciego Murciego (funcionario do Concello do Barco de Valdeorras).”

4º Delegar na Xunta de Goberno Local todas as competencias que en relación con este expediente e a este contrato lle corresponden, como órgano de contratación, ao Pleno da Corporación, agás as relativa a adxudicación do contrato que se reserva para o Pleno da Corporación, sen prexuízo de que, de acordo coa normativa, todos os acordos que se adopten por delegación requiran previo ditame da comisión informativo e sexan postos en coñecemento do Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

O Barco de Valdeorras, 30 de outubro de 2013

O ALCALDE

Asdo.: Alfredo García Rodríguez”

Concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, o señor Blanco Paradelo, que fai uso dela para dicir que non está de acordo co procedemento, e con que a duración do contrato sexan cinco anos máis dous, pois lle parece excesivo tendo en conta que xa pasou o ecuador da lexislatura parecéndolle máis lóxico, máis ético politicamente falando, que foran dous e despois outros dous e non hipotecar as futuras lexislaturas. Di que o seu Grupo tampouco están de acordo, entendendo a axilidade, con que se deleguen competencias na Xunta de Goberno Local pois aí está soamente representado o equipo de Goberno e que coñecerán das cousas que pasen cando sucedan e que neste tema, que non a houbo, o que queren é transparencia total absoluta, polo que o seu grupo non pode votar a favor deste expediente.

Di o sr Alcalde que como antes de ir á Xunta de Goberno o expediente pasará pola comisión informativa, na que si están os representantes do PP, e incluso pola Mesa de contratación, na que tamén están se queren ir, polo que o sr. Blanco comprenderá que ten toda a transparencia.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

**1º Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figuran no expediente, o anteproxecto de explotación, prescricións técnicas e demais contido do expediente para a contratación, baixo a modalidade de concesión, da xestión do servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos ( O.R.A ) e grúa municipal.**

**2º Acordar apertura do procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación ( canon variable sobre resultado,**

estudio económico-financieiro, proxecto de xestión e melloras) do contrato, baixo a modalidade de concesión, da xestión do servizo público de ordenación e regulación de aparcamento de vehículos ( O.R.A ) e grúa municipal.

**3º Designar membros da mesa de contratación a:**

**Presidente:** o alcalde do Concello do Barco de Valdeorras ou persoa que legalmente o substitúa.

**Vogais:**

**Un representante do grupo municipal do Partido Popular**

**Eduardo Oje Arias, concelleiro do grupo de goberno.**

**Jorge Rodríguez Fernández ( funcionario, arquitecto municipal do Concello do Barco de Valdeorras )**

**José de Lis Santos-Ascarza (funcionario, técnico de administración xeral do Concello do Barco de Valdeorras).**

**Arturo Rebollar López (funcionario, xefe da policía local do Concello do Barco de Valdeorras)**

**O interventor do Concello do Barco de Valdeorras ou persoa que legalmente o substitúa (viceinterventor ou en quen delegue).**

**O/A secretario/a do Concello do Barco de Valdeorras ou quen legalmente o/a substitúa.**

**Secretario/a: Jaime Dosouto Dobao (funcionario do Concello do Barco de Valdeorras).**

**suplente: José María Murciego Murciego (funcionario do Concello do Barco de Valdeorras).”**

**4º Delegar na Xunta de Goberno Local todas as competencias que en relación con este expediente e a este contrato lle corresponden, como órgano de contratación, ao Pleno da Corporación, agás as relativa a adxudicación do contrato que se reserva para o Pleno da Corporación, sen prexuízo de que, de acordo coa normativa, todos os acordos que se adopten por delegación requiran previo ditame da comisión informativo e sexan postos en coñecemento do Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Sr. Alonso Araújo dá lectura á moción presentada, que copiada literalmente di:

**“MOCIÓN: INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA)**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta de Galicia, e en concreto na Disposición Adicional 21ª, Dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE.

Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE, co cal, de aprobarse definitivamente a pretensión da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.

Xustifica a Xunta este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valorización enerxética dos residuos (incineración de lixo), caída que ten a súa orixe nunha decisión do Goberno Rajoy.

O certo é que, analizando as contas que se recollen no proxecto orzamentario autonómico para o próximo ano, SOGAMA, co novo canon, pasaría de ter perdas no exercicio de 2013 a ter uns beneficios no 2014 de 6.624.160€, despois de impostos.

Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social, se plantee, nos tempos de crise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público, con afán recadatorio, toda vez que o fin da suba non é o de conseguir a simple cobertura de custos do servizo, senón tamén o de xerar uns inxustificables beneficios, beneficios que serían directamente detraídos dos xa moi empobrecidos petos dos cidadáns.

É de todos coñecido que a práctica totalidade dos concellos están a sufrir unha importante diminución dos seus ingresos, atopándose nunha situación moi delicada que lles ten obrigado a deixar de prestar ós seus veciños algúns servizos moi necesarios. De levarse a cabo este incremento que pretende a Xunta a penuria do municipalismo galego será moitísimo maior.

A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA nas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola solución socialmente mais inxusta: incrementar o canon, obrigando ós Concellos a subir as taxas que deberán abonar os seus veciños pola recollida do lixo.

Resulta insultante a carencia da mais mínima sensibilidade social da que da mostra a Xunta de Galicia do Partido Popular nun asunto como este. Gobernando baixo a



fórmula do “ordenado e mandado” da as costas ós galegos e castiga dun xeito inmisericorde os seus intereses.

Os Socialistas apostamos por afrontar esta situación dende o diálogo e o respecto institucional entre os poderes locais, representados na FEGAMP, e o poder autonómico, e demandamos da Sociedade Galega de Medio Ambiente ter cumprido coñecemento da realidade da súa xestión económica financeira e organizativa, así como dos parámetros de eficiencia medio ambiental e ecolóxica que alcanza no tratamento dos residuos que se lle confían.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de O Barco, propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**1º.** Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

**2º.** Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.

**3º.** Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.

**4º.** Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos.”

Fai uso da palabra o voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que o de ordenado e mandado o sr Alcalde tamén o fai, que moitas veces nas mocións que mandan hai que mirar algunhas cousas porque pódense volver en contra do argumento. Di o concelleiro que con respecto ó oscurantismo do que se fala na moción, no seno da FEGAMP pásanse mensualmente o que son as contas e o estado de todo o que ten SOGAMA, e que a el lle consta que eso é así porque así llo dixeron varios responsables. Di que SOGAMA dende fai varios anos colga na súa páxina web datos das súas contas, que antes co goberno do bipartito non se facía e agora faise, polo que conclúe que si se quere información do tema si se busca se atopa. Afirma o concelleiro que falouse do déficit tarifario e que a culpa é de Rajoy pero do que se herdou do déficit tarifario non se quere falar e algo haberá que dicir, pois cando

chegou o PP ao goberno do Estado atopouse preto de trinta mil millóns de euros de déficit tarifario dende o ano 2005 ata o ano 2011, e neste período que se leva de lexislatura lévanse amortizado preto de dez mil millóns. Di que entende evidente que faise necesario unha reforma eléctrica, porque hai que establecer un novo marco normativo que garanta estabilidade financeira no sistema eléctrico, conseguir unha redución significativa dos custes e garantir tamén o subministro ao menor custe posible para o consumidor. Di o concelleiro que as dúas principais vías de ingresos coas que conta SOGAMA son, por un lado, o canon que cobra aos concellos, que supón o 43% dos ingresos totais e, por outro lado, a venda de enerxía eléctrica producida nas súas instalacións que ascende ó 48%, mentres que o 9% restante procede doutras partidas de carácter menor, que o actual marco do sector eléctrico a nivel estatal contempla, entre outras novidades, a creación dun novo imposto do 7% aplicado á venda de enerxía así como a eliminación das primas de produción eléctrica catalogadas en réxime tarifario especial na que se inclúe neste caso SOGAMA, que o novo escenario enerxético inclúe diversos cambios lexislativos que se veñen sucedendo dende a chegada do PP ó Goberno de España co obxecto, precisamente, de eliminar o déficit da tarifa, que foi unha herdanza envelenada como outras tantas que deixou o Partido Socialista. Prosegue dicindo que ante o complicado contexto existente a dirección de SOGAMA puxo en marcha distintas accións como o incremento da eficiencia no complexo medioambiental de Cerceda, aumento de toneladas de envases lixeiros ou a recuperación e venda por primeira vez na historia de vidro e aceite residual contidos no lixo en masa, cuns ingresos estimados de 1.200.000€ anuais, e que tamén a parada técnica anual pasou dun mes aos 10 días actuais co que con esa redución se está a aforrar un millón de euros. Di o sr. Blanco que como acaba de expoñer estanse a facer cousas e pregunta que fixo o goberno do bipartito para evitar que se tirase ao vertedoiro máis dun millón de euros anuais dende o 2005 ao 2011 ao que responde que non fixo nada e que tampouco fixo nada para incrementar a produción de enerxía eléctrica de SOGAMA. Di o concelleiro que co incremento do canon SOGAMA garante a viabilidade e a prestación dun servizo público básico que é esencial para todos os concellos e dende logo para a cidadanía, que en contra do que moitos poden pensar, a empresa SOGAMA non recibe subvencións nin transferencias da Xunta de Galicia quedando obrigada a autofinanciarse e a manter por si mesma a súa viabilidade económica, e que SOGAMA non procedeu ó reparto de dividendos salvo nos anos 2006 e 2007, nos que gobernaba o bipartito, que si os repartiu. Remata a súa intervención dicindo que este incremento supón menos dun euro ao mes nas vivendas, aínda que pregúntalle ao Alcalde qué é o que máis lle preocupa, si dar explicacións da nova situación aos veciños,

si manter a viabilidade dun servizo esencial e básico ou si realmente lle preocupa a subida de case un euro que pode supor nalgúns casos no recibo mensual dos cidadáns.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araújo, quen di que se noutras administracións, sen ir máis lonxe na Deputación, houbera a transparencia que hai no Concello do Barco outro galo cantaríaa, que o sr. Blanco sinalou que na páxina web de SOGAMA hai datos, e é verdade que hai moitos datos pero falta o fundamental, o salario do persoal, pois hai un bloque conxunto dun millón trescentos mil euros pero non ven desglosado por ningún lado, e hai que dicir que no último ano o salario subiu de media nun 6,5% e a previsión que teñen para os vindeiros anos, e eso está no plan de viabilidade de SOGAMA, é de subir un 24% os salarios ata o ano 2020. Di que en relación do déficit tarifario tense que saber que non ven da época de Zapatero, ven da época de Aznar e incluso da de Felipe González, que é un diñeiro que deixaron de gañar as empresas eléctricas e parte da culpa tamén a teñen os ministros de Industria de Aznar. Di que en canto aos cambios legislativos, o Partido Socialista apostou dende sempre polas enerxías alternativas e ao PP non lle gustan, polo que agora mesmo estase a pagar as consecuencias con ese cambio legislativo que hai un gravame do 7% sobre a enerxía producida e que os usuarios pagan dobremente pois por un lado vaise a pagar un incremento do recibo de SOGAMA e por outro lado xa o estamos pagando no recibo da luz. Di o sr Alonso que o voceiro do PP fixo un retrato idílico de SOGAMA e na xestión de residuos que está facendo esa empresa, de todas as toneladas que chegan alí o 31% do lixo vai directamente a un vertedoiro, non se xestiona, non entra na planta, non produce electricidade, e eso supón que o Concello do Barco no ano 2012 enviou a SOGAMA 4.232,5 toneladas métricas que supuxeron para as arcas do Concello 251.364€ pero desa cantidade 77.922€ foron directamente ao vertedoiro, porque non tiveron utilidade ningunha esas toneladas do 31% do lixo que van directamente ao vertedoiro. Di que si se lle aplica a suba que se pretende do 33,50€ aos 251.364€ do 2012 pasaría o Concello a recibir unha factura a maiores de 82.950€, ademais que dende o ano 2002 ata o ano 2013 subiu o canon que se paga a SOGAMA o 74% e coa suba que pretenden aplicar para o ano 2014 a suba sería do 133% en doce anos, que son cifras bastante serias. Di o concelleiro que ó final esta empresa é pública pois o 51% dela pertence a todos, a Xunta de Galicia ten accións por valor do 51%, e coa suba pretende ter beneficios no ano 2014, beneficios de máis de seis millóns de euros a conta de todos os galegos que mandamos alí o noso lixo. Di o sr Alonso que é moi sinxelo cadrar así as contas, non hai cartos na caixa pois subimos o prezo, e que así facían os ministros de Franco, que cando non había cartos na caixa subía a gasolina. Di que o concello do

Barco ven asumindo constantemente as subas dos costes de tonelada e unha parte desas subas non se teñen asumido e tense que elaborar un plan de estabilidade orzamentaria, que impón uns límites de gasto e con esto non se conta e hai que mirar qué se fai cos 80.000€ que veñen de golpe. Remata o sr Alonso Araújo dicindo que a medida que se pretende tomar non deixa de ser un ataque máis á poboación e é vergonzoso que unha empresa pública pretenda lucrarse á costa dos cidadáns, e que a suba que se pretende aplicar aos Concellos, que en última instancia a terán que asumir os veciños, é arbitraria, desproporcionada e extemporánea.

Fai uso da palabra sr Blanco Paradelo, quen di que a pesar da subida SOGAMA seguirá cobrando a tarefa máis baixa dos distintos sistemas de xestión de residuos urbanos existentes en Galicia e tamén é unha das máis baixas a nivel estatal destas características. Di que quere recordar que no ano 2003, debido a unha reforma do sector enerxético, SOGAMA viuse tamén na necesidade de facer unha suba, é dicir que non é un capricho, que as contas son públicas, estando ó alcance de todos na súa páxina web así como no rexistro mercantil, cuxa información é pública, que cando gobernaba o bipartito gastábase diñeiro público en accións ou repartíanse dividendos aos accionistas, e que con respecto aos salarios na época do bipartito o presidente de SOGAMA cobraba 134.000€ e o actual presidente de SOGAMA percibe 67.000€ brutos e non cobra dietas por asistencia ao Consello mentres que o presidente da época do bipartito cobraba 300€ por asistencia aos Consellos e tamén tiña chofer e agora non, que en relación co incremento nos salarios, quere recordar que no convenio da época do bipartito quedaba acordada unha subida do 6% anual no convenio coas empresas subcontratadas, repercutindo este custo na operación. Remata dicindo o sr. Blanco que volve a insistir en que beneficio ningún, xestionar mellor e evidentemente tratar de manter dun xeito viable un servizo que é esencial para todos os concellos.

Di o sr Alcalde que pensa que o voceiro do PP equivocouse nalgunhas cousas, como cando fala da subida do 6% das empresas que traballan en SOGAMA e teñen alí os seus obreiros e é que o 1.200.000€ que figura nos orzamentos son dos 25 traballadores que ten SOGAMA e eses son da empresa pública, os demais traballadores das empresas subcontratadas tamén teñen o seu convenio.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete en contra (dos concelleiros

Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

**1. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.**

**2. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.**

**3. Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.**

**4. Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos.**

## **2º Rogos e preguntas.**

Pide a palabra o sr. Crespo Díaz quen, unha vez concedida, di que quere transmitir unha queixa veciñal por problemas na recollida de colectores de vidro, concretamente os soterrados no centro do Barco, pois supón que dende a concellería de medio ambiente, sanidade, educación e servizos descoñecen que non se baleiran coa frecuencia debida, pero que como nunca cren o que di o PP como no caso dos vertedoiros incontrolados, o abandono de rodas nas carrilanas, etc., trae unha foto para demostralo e di que as botellas que se ven na foto levan catro ou cinco días alí e o colector coa tapa totalmente atascada. Di o concelleiro que saben polas comisións de medioambiente que a concellería responsable recibe un informe diario sobre a situación dos colectores, a recollida e as incidencias que poidan xurdir e

pregunta si se recibiu informe neste caso, porque non se recollen, se está pasando noutras zonas, que problemas hai e si se limpan adecuadamente.

Contéstalle a concelleira Moldes Ares, que sinala quenon hai ningún problema, que se recollen cando hai que recollelos e igualmente cando están cheos. Di que puido pasar que alguén fora alí e en vez de baleiralo dentro deixara os residuos fóra.

Di o sr. Alcalde que os colectores de vidro están operativos no noventa e moitos por cento todos os días do ano, que evidentemente hai unha planificación nos temas e que mañá se lle dirá pois onte el viu alí as botellas ao pasar pola rúa Pérez Lista. Di o alcalde que pensa que o vidro o recollen o xoves ou o venres, e o que non se pode é alterar toda a recollida, que a xente ten que entender que cando un colector está cheo débese ir a outro, e eso o fai moita xente. Di que sucedeu esta vez pero non están todas as semanas as botellas alí, porque senón fora así o representante do PP traería máis fotos pois pasa por alí case todos os días. Remata o alcalde dicindo que salvo algunhas cuestión puntual o servizo funciona ben e que espera que mañá estea arraxado senón se arraxou a hoxe.

Pide a palabra o sr. Arias Fernández quen, unha vez concedida, di que quere facer un rogo consistente en que se elabore un regulamento de Plenos.

Di o sr. Alcalde que xa o encomendou e o día da data aínda non está feito.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araújo quen di que quere facer unha invitación á Corporación, ao público e á prensa a un concerto solidario que vai a haber o próximo día 23 no Pavillón Vello, que é unha iniciativa da escola de música do Conservatorio e nel actuarán todos os grupos do Barco, que os beneficios serán para a Cruz Vermella e para Cáritas.

### **3º Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 478/13 ata o nº 563/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 26 de setembro e 4, 10, 17 e 24 de outubro de 2013.**

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 478/13 ata o nº 563/13, e das actas da Xunta de Goberno Local de 26 de setembro e 4, 10, 17 e 24 de outubro de 2013.

**4º Dación de conta do informe en materia de morosidade (3º trimestre 2013).**

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do terceiro trimestre do ano 2013, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da Alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 21:41 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez